

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 17977** *Corrección de erros do Real decreto 367/2010, do 26 de marzo, de modificación de diversos regulamentos da área de medio ambiente para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei de libre acceso a actividades de servizos e o seu exercicio.*

Advertidos erros no Real decreto 367/2010, do 26 de marzo, de modificación de diversos regulamentos da área de medio ambiente para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei de libre acceso a actividades de servizos e o seu exercicio, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 75, do 27 de marzo de 2010, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 5, onde di: «Artigo 5 bis», debe dicir: «Artigo 51 bis».

Na páxina 25, alínea c), vogais, quinta liña, onde di: «Un representante do Ministerio de Ciencia e Innovación», debe dicir: «Dous representantes do Ministerio de Ciencia e Innovación, un da Dirección Xeral de Transferencia de Tecnoloxía e Desenvolvemento Empresarial e outro da Dirección Xeral de Investigación e Xestión do Plan Nacional de I+D+i».

Na mesma páxina, onde di: «c) Actuará como secretario...», debe dicir: «d) Actuará como secretario...»